

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVEESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/03/2011)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2011

Dáse conta da necesidade de recoñecer créditos para facturas de Gas Natural correspondentes a exercicios pasados, e que nunca se recibiron na Casa do Concello, correspondentes á Edar de Ponte Ulla, por importe de doce mil novecentos noventa e sete euros con sesenta e catro céntimos (#12.997,64#)

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado recoñecemento de créditos



3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do vixente POM.CAMIÑOS PÚBLICOS de cara a emendar erros existentes na delimitación dalgúns viais municipais

Dáse conta do expediente de modificación puntual do vixente PXOM.CAMIÑOS PÚBLICOS de cara a emendar erros existentes na delimitación dalgúns viais municipais.

Tendo en conta que o Pleno do concello en sesión de data 30 de decembro de 2010 aprobou provisionalmente o proxecto de modificación puntual que foi remitido á consellería competente para aprobación definitiva con data do 28 de xaneiro de 2011.

Tendo en conta que se ten detectado no documento aprobado provisionalmente un erro en canto ao vial incluído no plano número 22 que tiña sido desafectado no seu momento non sendo, polo tanto, un vial público.

Á vista dos informes técnico e xurídico emitidos sobre a non necesidade de sometemento do proxecto modificado a nova exposición ao público.

Proponse:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal "CAMIÑOS PÚBLICOS" nos mesmos termos que no acordo adoptado con data 30 de decembro de 2010 con excepción do vial contido no plano número 22 (a-d) que se retira do proxecto de modificación puntual.

SEGUNDO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de modificación puntual do PXOM, xunto cos proxectos, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar citada proposta

4º.- Aprobación, se procede, do Plan de actuación municipal ante o risco de inundacións por rotura de presas de Portodemouros, Brandariz e Touro

Dáse conta do Plan de Actuación Municipal de Vedra ante o risco de inundacións por rotura de presas de Portodemouros, Brandariz e Touro, e que é tanto o Concello de Vedra como a poboación das localidades do municipio que están situadas en zona inundable sexan guiadas por un dispositivo permanente e actualizado de información, previsión, alerta e actuación ante estas emerxencias, con capacidade de protexer a poboación ameazada e no posible reducir os danos que poidan producir os bens e servizos esenciais, de acordo aos medios e recursos locais dispoñibles plenamente integrados na organización. Para iso establécese unha estrutura xerárquica e funcional dos medios e recursos, que permita facer fronte ás situacións de risco ou emerxencia grave

A pedimento da voceira do BNG, dona Xosefina R. Guitián, a Presidencia expón que fai tempo representantes da Xunta e da empresa viñeron para facer un estudo para que no caso de emerxencia pola posible rotura da presa coordinar os



servizos de protección civil, salvamento, bombeiros, veciños e demais porque a auga pode subir unha cantidade de metros considerable en lugares como Ponte Ulla

Dona Xosefina R. Guitián di que vai absterse por falta de coñecemento en profundidade do mesmo.

O Pleno, con 12 votos da favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG, acorda aprobar o citado plan de actuación

5º.- Ratificación de acordo de aprobación da modificación do regulamento da gardería municipal

Declárase a urxencia por unanimidade dos asistentes

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que logo das consideracións do departamento de servizos sociais, todos os grupos chegaron a un acordo neste asunto, procedendo á lectura da seguinte proposta:

Primeiro.- Os grupos acordan por unanimidade que o prazo idóneo da inscrición na gardería é o mes de maio

Segundo.- Non obstante, para axilizar e non atrasar a publicación das modificacións, decídese manter o actual regulamento, dado que o cambio de prazo non se fará efectivo ata o curso escolar 2012-2013

Terceiro.- Por último adóptase o compromiso de todos os grupos de aproveitar unha futura modificación do regulamento, para establecer de novo este cambio, ou tomar ese acordo expreso de modificación do prazo antes da entrada en vigor do cambio.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

6º.- Acordo sobre desafectación vivenda mestres do CEIP de Ortigueira

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da proposta da Comisión Informativa de Urbanismo e Plans do día dezanove de abril do ano que andamos de solicitar a desafectación da vivenda dos mestres do CEIP de Ortigueira, dado que proximamente vai quedar desocupada e tendo en conta a necesidade de dispor de locais para as distintas actividades organizadas polo concello.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda solicitar á Xunta a desafectación da citada vivenda.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG , a Presidencia contesta:



-Sobre da desafectación das escolas, que a Xunta solicitou de dúas delas (Vilanova e Illobre) máis documentación, dado que ao parecer os planos catastrais non se corresponden co que se lle remitiu

-En canto ao muíño de Castiláns, que o acceso está libre xa que existe unha servidume e ten que estar libre

-Polo que respecta á colocación de colectores, que xa se colocaron algúns, pero de cartón e plástico non se dispoñen deles

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

-En canto ás obras da estrada de Vedra -Santa Lucía, di que algunha delas se poden facer coa brigada municipal de obras, pero cando se poida e con respecto á Ponte das Cabras, que existe un proxecto pero que non se sabe nada máis

-Sobre da colocación de puntos de luz na pista da Laraño, que xa se mirou para colocalas e en canto á ampliación da rede de saneamento que haberá que incluía nun vindeiro plan de obras

-Sobre da colocación de espellos da pista Laraño - Casa do Sol, que se fixo o outro día e con respecto ao arranxo da estrada Cibrán -Laraño, que chamou o equipo redactor do proxecto da Xunta de Galicia e que botaranlle unha capa de aglomerado dende o campo da festa ata o enlace con Teo de 6 mts de ancho a ata a Casa do Sol, que paradoxicamente se lle adxudicou á empresa Dago, S.A, e que se está a negociar cos veciños para que cedan terreos para ampliar o tramo que vai á Casa do Sol.

8º.- Rogos e preguntas

O Sr. Alvela de TEGA di que se non hai máis plenos remátase unha lexislatura con momentos bos e outros menos bos, pero que cree que no fondo foi unha corporación de entendemento entre todos os grupos, aproveitando tamén para despedir aos concelleiros/as que non formaran parte da seguinte.

9º.-- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Don Inocencio Alvarez , como Presidente da AA.VV de Santa Cruz, intervén para facer tres rogos:

-Que en relación coa desafectación da casa dos mestres de Santa Cruz, que se tratou hoxe no pleno , se destine unha parte dela a vivenda social, xa que hai algunha familia moi necesitada na parroquia.

- Que o concello faga un bando ou aviso para que os propietarios de cans non os ceiben de noite polos problemas que acarreean e para evitar males maiores

-Por último insiste en que se o propietario do edificio dos Palmeiros -Santa Cruz non fai caso aos requerimentos do concello, se fagan as xestións oportunas para que se tapien polo menos as portas de entrada e as fiestras.



Conclúe ao fio das vinte e dúas horas

